

ORDENANZA 1.02 IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos artigos 92 a 99 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL), o imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

Artigo 2º. Feito imponible

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que estea matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non cause baixa neles. Para os efectos deste imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este imposto:
 - a) os vehículos que, estando dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
 - b) os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 kilogramos

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, (LXT) que teñen ao seu nome o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4º. Exencións

1. Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do TRLFL.

2. Para a concesión da exención dos tractores, remolques e semiremolques provistos da Cartilla de Inspección Agrícola, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto coa Cartilla de Inspección Agrícola, permiso de circulación e ficha técnica do vehículo.

3. Para a concesión da exención dos vehículos para persoas de mobilidade limitada así como dos vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto co certificado de minusvalidez emitido pola Consellería competente, permiso de circulación e a ficha técnica do vehículo. No caso de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, deberá acreditarse ademais o destino do vehículo mediante declaración xurada do interesado.

4. Os interesados na concesión das exencións do artigo 93.1 e) e g) do TRLFL deberán presentar solicitude de exención con anterioridade ao un de febreiro ou, nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal.

En caso contrario, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

5. A concesión ou denegación das exencións do artigo 93.1. apdos e) e g) do TRLFL será tramitada por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección.

Artigo 5º. Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se ésta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación será declarada de oficio pola Administración Tributaria municipal de acordo coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto da antigüidade do vehículo.

2. Terán unha bonificación do 50% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

Os interesados deberán presentar solicitude de bonificación con anterioridade ao un de febreiro, ou nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal.

En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán presentar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

3. A concesión ou denegación das bonificacións será efectuada pola Xunta de Goberno Local previo informe do servizo de Xestión, Recadación e Inspección.

Artigo 6º. Cota tributaria

1. A cota será o resultado de aplicar o coeficiente 1,686901870 aos turismos, e outros vehículos; e o coeficiente 1,754378110 aos autobuses, camións, tractores e remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica, segundo o cadro de tarifas do artigo 95.1 do TRLFL expresado en euros

A cota tributaria de acordo co cálculo citado será:

A) Turismos:

De menos de 8 cabalos fiscais.....	21,30 €
De 8 ata 11.99 cabalos fiscais	57,50 €
De 12 ata 15.99 cabalos fiscais	121,40 €
De 16 ata 19.99 cabalos fiscais	151,20 €
De 20 cabalos fiscais en diante.....	188,90 €

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas	146,10 €
De 21 a 50 prazas	208,10 €
De máis de 50 prazas	260,20 €

C) Camións:

De menos de 1.000 kgs. de carga útil.....	74,20 €
De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil.	146,10 €
De máis de 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil.....	208,10 €
De máis de 9.999 kgs. de carga útil.....	260,20 €

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais.....	31,00 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	48,70 €

De máis de 25 cabalos fiscais.....	146,10 €
<i>E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</i>	
De menos de 1.000 kgs.y máis de 750 kgr. de carga útil	31,00 €
De 1.000 a 2.999 kgs. de carga útil	48,70 €
De máis de 2.999 kgs. de carga útil.....	146,10 €
<i>F) Outros vehículos:</i>	
Ciclomotores.....	7,50 €
Motocicletas ata 125 cc.....	7,50 €
Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc.	12,80 €
Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc.	25,60 €
Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc.	51,10 €
Motocicletas de máis de 1.000 cc.	102,20 €

Ordenanzas fiscais *Páxina 5*

2. Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta as seguintes regras:

- A) O concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no anexo II do Real decreto 2822/1998 polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos (RXV)
- B) A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais calcularase de acordo co disposto no anexo V do RXV.
- C) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreo, mixtos adaptables, mixtos todoterreo, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:
- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o conductor, tributará como autobús.
 - Se o vehículo estuviere autorizado para transportar máis de 525 kg. de carga útil, tributará como camión.
- D) Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas para os efectos de tributación.
- E) Os furgóns, agás o mixto adaptable, tributarán como camiós.
- F) As ambulancias e coches fúnebres tributarán como turismos.
- G) Os cuatriciclos ligeros tributarán como ciclomotores.

H) Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola súa cilindrada.

I) Cando se trate de vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

J) As máquinas autopropulsadas ou automotrices que podan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores, quedando comprendidos, entre estes, os tractocamións e camións de obras e servizos.

K) Nos casos de vehículos nos que apareza na tarxeta de inspección técnica a distinción na determinación da carga entre MMA (masa máxima autorizada) e MTMA (masa máxima técnicamente admisible), se estará, aos efectos da súa tarifación, aos kilos expresados na MMA, que corresponde á masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas, conforme ao indicado no RXV. Este peso será sempre inferior ou igual ao MTMA .

Artigo 7º. Período impositivo e obriga de contribuír

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo principiará o día en que se produza a adquisición.

2. A data de exhibidade do imposto é o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición do vehículo.

Tamén procederá o prorrateo da cota, nos mesmos termos, nos supostos de baixa definitiva ou temporal por sustracción ou roubo do vehículo, dende o momento no que se produza a citada baixa no rexistro público correspondente.

4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con trascendencia tributaria, a cota será irreducible e o obrigado ao pagamento de imposto será o que figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día un de xaneiro.

Artigo 8º. Normas de xestión

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos administrativos dictados en vía de xestión tributaria corresponden ao Concello do enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo.

2. No caso de primeira adquisición de vehículo ou reforma que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a practicar autoliquidación no prazo dos trinta días seguintes á adquisición ou reforma citadas debendo realizar o ingreso da débeda tributaria resultante nas entidades de crédito debidamente autorizadas:

a. No impreso habilitado para o efecto pola administración tributaria local acompañando a ficha técnica do vehículo.

b. A través da web municipal do Concello de Santiago de Compostela (www.santiagodecompostela.org). Neste caso, a remisión da ficha técnica do vehículo deberá realizarse no prazo dos 10 días seguintes a presentación da autoliquidación en web.

3. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, a recadación das correspondentes cotas tributarias realizarase mediante a expedición de recibos, en base a un padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto, así como os suxeitos pasivos titulares dos devanditos vehículos.

4. O padrón do imposto exporase ao público por un prazo de quince días para que os interesados poidan examinalo e, de ser o caso, formular as reclamacións oportunas.

Dita exposición ao público así como a indicación do prazo de pago das cotas -que será o establecido na ordenanza xeral-, comunicarase mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, e nun xornal dos de maior tirada da provincia, e producirá os efectos de notificación colectiva á que se refire o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria. (LXT)

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da LXT

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de vinteseis de decembro de dous mil doce. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.